

O Camiño de Santiago

UN POUCO DE HISTORIA ...

A predicación de Santiago o Maior en España ...

Tras o seu descubrimento a principios do século IX, o sepulcro do Apóstolo Santiago transfórmase en destino de peregrinación para miles de europeos.

Santiago, xunto a Xoán Evanxelista, era fillo de Zebedeo e foi pescador ata que Xesús o chamou para ser apóstolo.

A tradición identifícao como o apóstolo que evanxelizou a Península Ibérica (podendo realizar a súa viaxe a España nun dos moitos cargueiros que viñan buscar minerais galegos). Non obstante, é en Palestina onde morre. Herodes Agripa, rei de Xudea, para silenciar as protestas das autoridades relixiosas, compracer aos xudeos e dar un escarmentó aos cristiáns, escólleo como figura representativa e condéano a morte por decapitación.

A MILAGROSA VIAXE DO CORPO DO APÓSTOLO ...

Conta a tradición que dous dos discípulos de Santiago(Teodoro e Atanasio) , roubaron o corpo do Apóstolo e embarcárono nunha nave tripulada por anxos.

Tras una semana de singladura, a nave arribo na localidade galega de Padrón.

Gobernaban en Galicia naquela época... o rei Duyo e a raíña Lupa. Atanasio e Teodoro buscaban un lugar digno para enterrar ao Apóstolo.

Necesitaban transporte para trasladar os restos e... a malvada raíña en vez de bois, facilitoulles uns touros bravos.

Para colmo de males, tiveron que construír una carreta de pedra para realizar o traslado.

Cando atravesaban un bosque preto de Padrón, os touros deixaron de andar e alí repousaron os restos do Apóstolo.

Por Europa estendeuse o rumor da tumba do Apóstolo, pero ninguén sabía exactamente onde se atopaba. Conforme a lenda, entre os anos 820 e 830 deuse o milagre.

Un ermitaño chamado Paio, observou durante as noites, uns resplandores misteriosos que saían do bosque.

Descubriu que esa luz revelaba o lugar onde estaba enterrada a arca que contiñan os restos do Apóstolo.

Deu conta do achádego a Teodomiro, bispo de Iria Flavia e este acudiu ao lugar atopándose un sepulcro de pedra no que descansaban tres corpos: Santiago o Maior e os dous discípulos.

No ano 1.878 o Papa León XIII confirma a autenticidade dos restos e son trasladados á Catedral de Santiago; transformándose así en centro de peregrinación dende todos os lugares de Europa.

¿QUÉ É O ANO SANTO COMPOSTELANO?

O Ano Santo Compostelano ou Ano Xubilar, celébrase dende a Idade Media cando a festividade do Apóstolo Santiago o Maior (25 de Xullo), cuxo sepulcro se atopa na Catedral Compostelana coincide en domingo. Isto sucede cada 6,5, e 11 anos. Non volverá a ser ano santo hasta o 2011.

¿CÓMO GANAR O XUBILEO?

Para gañar o Xubileo non é necesario facer o Camiño de Santiago; chega con:

- ✓ Visitar a Catedral onde se garda a tumba do Apóstolo.
- ✓ Rezar alguna oración.
- ✓ Recibir o sacramento da Penitencia e da Eucaristía.

DA VIEIRA.... Á COMPOSTELA

Co tradicional bastón (elemento de defensa) e a non menos tradicional cabaza onde se transportaba a auga fresca para calma-la sede do camiño, engadíase ao camiño de regreso a concha de vieira que únicamente se podía conseguir en Santiago.



A **Compostela** é un documento que certifica a peregrinación a Santiago. Para conseguila, débese mostrar a **Credencial do Peregrino**, que se foi selando e poñendo a data ao longo do camiño, por exemplo dos refuxios on de se parou a durmir.

Para conseguir a Compostela débese chegar a Santiago tras 100 Km andando ou 200 en bicicleta ou a cabalo.

Credencial do peregrino



Compostela

A CATEDRAL DE SANTIAGO





Nun principio os restos do Apóstolo estaban nunha pequena igrexa mandada construír polo rei galego Alfonso II; pero dada a fama que o lugar acadaría, no ano 1070, fariáanse os planos da actual catedral románica. Empezouse a construír no ano 1075 e foi rematada no ano 1211.


Pórtico da Gloria

O autor foi o Mestre Mateo e rematouno no ano 1188.






Pórtico da Glória



Planta de cruz latina



Baldaqüino

É a pedra que cobre o Altar Maior. Na súa construción interviron escultores, pintores, ebanistas, orfebres e o arquitecto Domingo de Andrade, aínda que o proxecto foi de Vega e Verdugo que se inspirou no baldaqüino de San Pedro do Vaticano.



Botafumeiro

Fabricado en 1851 e pesa 53kilos. Veloc. 70km/h

e acada 20 mts de altura. Oito homes accionan

o botafumeiro e chámanse “tiraboleiros”



Órgano



Fusión de dous órganos realizado
en 1977 e1978 pola casa italiana
Mascioni, que fusionou nun só os
dous órganos fabricados en
1708 y 1712.

Altar Catedralicio



Cripta

Cruz de Santiago



É unha cruz latina simulando unha espada, con forma de flor de lis na empuñadura e nos brazos.

Dícese que ten a súa orixe nas Cruzadas.

A espada representa o carácter caballeresco do Apóstolo.

CAMIÑOS DE SANTIAGO GALEGOS

